



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 7 de xuño de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE BARREIRO. EXPTE. 10083/446.

Visto o informe de fiscalización do 01/06/18, dáse conta do informe-proposta do 31/05/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 31 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446) na seguinte orde descendente:



Orde	Licitadores	Puntos
1	BRINCATEL ESPAÑA, S.L.	83,00
2	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.	77,50
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	76,28
4	LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.	25,26

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BRINCATEL ESPAÑA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 977,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, BRINCATEL ESPAÑA, S.L., o día 25 de maio de 2018 que presenta a documentación requirida o 21 e 29 de maio de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de maio de 2018 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, conceder ao licitador un prazo de tres días hábiles para que puidese presentar documentación acreditativa de que posúe a solvencia técnica e profesional esixida na cláusula 8 do PCAP, pois a que presentou resulta insuficiente.

Cuarto.- En base ao requirimento da Mesa do 24 de maio de 2018, BRINCATEL ESPAÑA, S.L. presentou documentación acreditativa da solvencia técnica. Esta documentación foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 31 de maio de 2018, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2018 13:49	Páxina 2 de 4
	Expediente 10083/446	CSV: 23ED58-A644D4-3D5583-C81C1E-U6W1JW-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BRINCATEL ESPAÑA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BRINCATEL ESPAÑA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 17 e 27 de abril de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BRINCATEL ESPAÑA, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 144.619,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.099,23 euros.*
- b) *Propón un incremento do prazo mínimo de garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos, facendo un total de 12 anos.*
- c) *Propón un incremento do prazo mínimo da garantía ofertada da obra executada de 10 anos, facendo un total de 15 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2018 13:49

Páxina 4 de 4

Expediente 10083/446

CSV: 23ED58-A644D4-3D5583-C81C1E-U6W1JW-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>